

GUSTAVE FLAUBERT

A educación sentimental
Historia dun mozo

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

Primeira parte

I

O 15 de setembro de 1840, por volta das seis da mañá, o *Ville de Montereau*, presto a partir, lanzaba grandes bufaradas diante do peirao Saint-Bernard.

A xente chegaba atafegada; pipotes, maromas, cestas de roupa branca trancaban a circulación; os mariñeiros non lle respondían a ninguén; as persoas tropezaban unhas coas outras; os fardos izábanse entre os dous tambores, e o boureo era absorbido polo asubío do vapor, que, escapando polas chapas metálicas, o envolvía todo nunha nube abrancazada, en tanto a campá da proa tanguía seguido.

Ao cabo, o navío levantou áncora, e as dúas marxes, poboadas de almacéns, estaleiros e fábricas, deron en desfilar como dúas largas fitas a se desenrolaren.

Un mozo de dezoito anos, de cabelos longos e cun álbum debaixo do brazo, estaba preto do leme, inmóbil. A través da brétema, contemplaba campanarios, edificios cuxos nomes ignoraba; despois, cunha última ollada, abrangueu a illa Saint-Louis, a Cité, Notre-Dame, e axiña, ao que París desapareceu, lanzou un fondo suspiro.

Frédéric Moreau, co bacharelato acabado de rematar, tornaba a Nogent-sur-Seine¹, onde debía languidecer durante dous meses denantes de comezar a carreira de Dereito. A nai enviáralo a Le Havre, cos cartos contados, a visitar un seu tío, coa esperanza de que acabase herdando del.

¹Vila situada no departamento de L'Aube, en Champaña, cruzada polo río Sena. Flaubert pasou algunhas vacacións na casa dos seus curmáns nesta vila.

O mozo retornara de alí xusto a véspera, e resarcíase de non poder ficar na capital regresando á provincia polo camiño máis longo.

O tumulto acalmaba; todos se acomodaran nos sitios; algúns, de pé, quecían ao redor da máquina, e a cheminea cusplía cun estertor lento e rítmico o seu penacho de fume negro; pingas de orballo escorregaban polas pezas de cobre; a ponte estremeciáase cunha pequena vibración interna, e as dúas rodas, xirando ás présas, batían a auga.

Os areasis abeiraban as marxes do río. Albiscábanse almadiás que ondeaban coa axitación das vagas, ou ben un home que pescaba sentado nun barco sen velas. Pouco despois, as brumas errantes disipáronse, espontou o sol, a cuiña que seguía na marxe dereita o curso do Sena foi abaixando paseniño e xurdiu outra, máis próxima, na ourela oposta.

Coroábana unhas árbores entre casas baixas telladas á italiana. Tiñan hortas corgueiras separadas por socalcos novos, cerrumes de ferro, céspede, invernadoiros e xardi-neiras de xeranos, espazados regularmente sobre terrazas onde era posible asomarse. Máis dun, ao espreitar aquelas coquetas residencias, tan tranquilas, arelaba ser o seu propietario para vivir alí até a fin dos seus días, cun bo billar, unha chalupa, unha muller ou calquera outro soño. O pracer totalmente novo dunha excursión marítima facilitaba os devezos. Os algareóns xa comezaban coas súas brincadeiras. Moitos cantaban. Estaban alegres. Servíanse copas.

Frédéric matinaba no cuarto que ocuparía na vila, na idea dun drama, en temas para cadros, en paixóns futuras. Coidaba que a felicidade merecida pola excelencia da súa alma tardaba en chegar. Declamou para si versos melancólicos; azancaba pola ponte; avanzou até a proa, polo lado da campá, e, entre un círculo de pasaxeiros e mariñeiros, viu un señor que lle facía as beiras a unha campesiña,

